

Novo ataque ao estado do benestar O poder económico ordena e o goberno executa

O presidente do goberno confirmou, o pasado 12 de maio, o que xa era unha evidencia: a claudicación do Estado, que debería defender os intereses xerais do pobo en tanto que é o seu representante lexítimo, fronte ao gran capital, organizado en consellos de administración que actuán sen control democrático.

Efectivamente, logo de afirmar que o seu goberno nunca faría recaer sobre as clases medias e baixas o peso da crise, **Zapatero aceptou as directrices económicas do gran capital e presentou unhas medidas de axuste que afectan, directamente, ás clases traballadoras:**

- a redución inmediata do 5%, de media, do soldo dos empregos públicos neste ano en curso e conxelación do salario a partir do ano que vén;
- a suspensión en 2011 da revalorización das pensións, agás as non contributivas e as mínimas, o que significa que as contributivas non se actualizarán o próximo ano de acordo co IPC;
- a supresión, a partir do 1 de xaneiro de 2011 do cheque-bebé, a prestación de 2.500 € por nacemento ou adopción dun fillo ou dunha filla introducida polo goberno no 2007.

A repercusión destas medidas é evidente: **a redución do poder adquisitivo do funcionariado público, que nos últimos vinte anos leva perdido máis do 20% da súa capacidade adquisitiva**, que se sumará ao incremento do IVE a partir do 1 de xullo de 2010, un imposto que grava por igual as clases podentes e ás desfavorecidas. Ademais, non podemos esquecer que atrás virán outras medidas das que se leva moito tempo falando: o retraso da idade de xubilación -outra medida que repercutirá negativamente sobre as clases baixas de menor esperanza de vida e sobre a

poboación xuvenil en busca de emprego-; o copagamento polo uso de servizos sanitarios e farmacéutico; e a contrarreforma laboral, que facilitará o camiño ao despedimento libre e a precarización máis absoluta da clase traballadora.

O máis dramático, non obstante, é que esta medida chega despois de que o goberno suprimise o imposto de patrimonio, rebaixase o imposto de sociedades, rebaixase os topes máximos no IRPF, rebaixase as cotizacións sociais das empresa, privatízase e externalízase os servizos públicos...

Queren saír da crise? **Precisan medidas eficaces? Búsqúense onde están:** aumenten os topes máximos do IRPF para as rendas máis altas; restauren o imposto do patrimonio; limiten a relación existente entre o salario menor e o salario maior dunha empresa; persigan o fraude fiscal e os paraísos fiscais; impoñan a taxa Tobin sobre as transaccións monetarias e financeiras a curto prazo; supriman o réxime das SICAV; reduzan o gasto militar; retiren as axudas ás Igrexas...

Nós non somos responsables da crise. Non admitamos ser as súas vítimas por máis tempo.

Privatización de comedores escolares

Para o vindeiro curso, 4 centros da provincia de Ourense e 3 da de Lugo deixarán de ter un comedor escolar tal e como nós o entendemos para pasar a ter un servizo de catering ofertado por unha empresa privada.

Na primeira proposta da Consellaría os centros afectados eran 18. Despois da negociación quedaron en 7, aqueles que economicamente non son rendibles, xa que este é o único parámetro que saben manexar os nosos gobernantes. En palabras do conselleiro, trátase de optimizar recursos, é dicir, se podemos aforrar 4 € ao ano, que rebaixemos a calidade do servizo, que discriminemos ao alumnado polo seu lugar de residencia, que desmantelemos o rural,... non importa.

Nos dez últimos anos suprimíronse un 67% das escolas unitarias. Péchanse as escolas e péchanse as aldeas.

Desde o STEG sempre defendemos que había que recuperar as escolas rurais. Hai que facelas non só visibles, senón tamén convertelas no corazón social e educativo das nosas aldeas. E para iso é imprescindible manter e potenciar os servizos educativos que funcionan neste momento.

Posiblemente non sexa rendible economicamente a curto prazo, pero como se ten demostrado noutros territorios si é rendible socialmente a longo prazo.



PACTO POLÍTICO E SOCIAL POLA EDUCACIÓN Un pacto contra a Escola Pública

No texto final foron recollidas todas as demandas da dereita política e da patronal da concertada: liberdade de elección de centro por diante da planificación educativa, incremento no financiamento dos concertos, pago aos centros concertados de funcións non docentes... A pesar disto non houbo pacto político.

Por isto, e pola falta de medidas concretas que reforzaran e melloraran a calidade do ensino público propostas reiteradamente polo STEG, finalmente tivemos que rexeitar o texto definitivo.

CXT Novo RD Concurso Xeral de Traslados

O novo RD polo que se rexerá o Concurso Xeral de Traslados do vindeiro curso presenta importantes novidades a respecto do actual, especialmente no referido á puntuación do baremo.

O máis salientable é a unificación das puntuacións en todos os corpos. Este cambio afectará principalmente ao profesorado de Infantil e Primaria que verá modificada substancialmente a súa puntuación actual.

No interior podes ver unha táboa comparativa dos distintos baremos.

LINGUA GALEGA O STEG solicita a dimisión do Secretario Xeral de Política Lingüística

CENTROS CONCERTADOS Facilitar a privatización no ensino: prioridade da Consellaría

PROFESORADO INTERINO Addenda 2010 ao acordo de 1995. Sí a un proceso de estabilidade; non a máis parches

PACTO POLÍTICO E SOCIAL POLA EDUCACIÓN

Un pacto contra a Escola Pública

O documento presentado o 22 de abril polo ministro Gabilondo como texto final para un “Pacto social e político pola Educación”, desatendendo as principais suxestións que presentamos desde o STEG, a través da Confederación de STEs, para mellorar o borrador que se deu a coñecer hai uns meses, afonda nas medidas máis regresivas contra a escola pública. Transcurrido un tempo de reflexión queremos trasladarvos a análise que nos levou a rexeitar o Pacto.

Con respecto ao primeiro obxectivo: **“O éxito educativo do alumnado”**, obsérvanse algúns acertos, pero o seu tratamento é ambiguo ao non plantexar un apoio decidido á creación dunha rede pública de escolas infantís no ciclo 0-3, medidas destinadas a rebaixar as ratios en todas as etapas educativas, referencias específicas ás necesidades reais da docencia de calidade (desdobres, dotación de profesorado de apoio...).

Así mesmo, no ámbito máis concretamente pedagóxico, o Pacto propón medidas moi discutibles ao formular dous camiños segregados en 4º da ESO, permitindo ademais que sen ter aprobado 2º da ESO se pase a un Programa de cualificación profesional inicial (PCPI); medidas recollidas na moi criticada e derrogada LOCE.

Máis sorprendente é a ausencia de referencias no texto ao impulso de actuacións específicas para compensar a desigualdade existente entre o español e as linguas oficiais dos territorios con linguas propias; neste sentido, o texto quédase, de novo, na vaguidade e na afirmación do castelán como lingua de referencia educativa en todo o Estado, o que implica afondar no desequilibrio lingüístico.

Neste sentido, o Pacto, máis que propor medidas que melloren a calidade do ensino, ten un obxectivo ben distinto: flexibilizar a ensinanza para facilitar a obtención de titulacións.

Tampouco mellora a análise ao considerar o segundo obxectivo: **“Equidade e excelencia. A avaliación como factor para mellorar a calidade da educación”**. Así, fronte á vaguidade das medidas concretas que se deberían implementar para mellorar a calidade do ensino, o texto propón, paradoxalmente, medidas moi concretas para chegar á excelencia educativa por medio da avaliación de calidade externa. Neste sentido establécense, a miúdo das de diagnóstico xa estipuladas en 4º de Primaria e 2º da ESO, outras probas externas xerais en 6º de Primaria e 4º da ESO, ademais da participación nas avaliacións internacionais.

Aínda que non é este o momento de analizar a conveniencia deste tipo de avaliacións –en principio, positivas–, si é o momento de alertar dos seus perigos, derivados dun uso abusivo dos resultados. Neste sentido, non debemos esquecer que as avaliacións diagnósticas se presentan como un índice para valorar a calidade sen considerar factores relevantes do sistema educativo, como son a propia estrutura do sistema, os contidos excesivos ou a súa elevada fragmentación...; así mesmo, debemos insistir en que unha avaliación reducida a simple indicador da calidade non serve para nada: as avaliacións son útiles só se se poñen os medios necesarios para mellorar as eivas detectadas... e diso non hai máis que vaguidades.

O terceiro obxectivo: **“Flexibilidade do sistema educativo. Estudos postobrigatorios. Formación e emprego”**. Evidentemente desde o STEG compartimos a necesidade de que exista unha oferta suficiente de estudos postobrigatorios para toda a poboación, do mesmo xeito que defendemos que a educación

é un ben social que temos que fomentar; non obstante, non aceptamos que os estudos postobrigatorios estean centrados exclusivamente no mercado laboral: os estudos postobrigatorios tamén deben servir para completar a formación da personalidade do estudantado, proporcionándolle ferramentas para a súa vida como cidadán ou cidadá, non só como traballador ou traballadora. Non é casual que este obxectivo enlace co cuarto: **“A Formación Profesional como instrumento clave para avanzar cara a un novo modelo de crecemento económico”**; neste obxectivo atopamos máis definida a finalidade de flexibilizar e mercantilizar a educación, pois recoñécense medidas encamiñadas a incrementar o número de persoas tituladas, a través da acreditación das competencias adquiridas por outras vías.

Evidentemente, os obxectivos quinto (**Novas formas de ensinar e aprender: o papel das TIC**) e sexto (**Plurilingüismo. Pulo á aprendizaxe de idiomas**) son necesarios, pero como todo o texto, quédanse en vaguidades.

O obxectivo sétimo: **“A Educación como ben de interese público e dereito de toda a sociedade”**, constitúe o principal ataque contra a escola pública ao equiparar os centros privados concertados cos centros públicos. Neste sentido, son verdadeiramente alarmantes algunhas das propostas recollidas no Pacto: primeira, reforzar a fragmentación e o desequilibrio do sistema educativo ao equiparar dúas redes contradictorias nos termos (a privada concertada e a pública); segunda, favorecer a liberdade de elección de centros; terceira, dotar aos centros privados concertados –que se xestionan privadamente, pero con cartos públicos–, dos mesmos recursos que os centros públicos, polo que será a mans privadas a onde se desviará boa parte dos 1.570 millóns de € orzamentados para os próximos tres anos; cuarta, pór en mans das direccións dos centros a capacidade de selección ou mesmo contratar directamente ao profesorado, algo semellante ao que recolle a Llei d'Educació de Catalunya... Desde o STEG temos que alertar da repercusión, ben visible desde hai uns anos, desta duplicidade de redes, que non é outra que a degradación da rede pública: primeiro, como consecuencia da concentración de alumnado con maiores dificultades educativas e problemáticas sociais nos centros da rede pública, unha tendencia sancionada polo pacto proposto polo ministro de Educación, pois garante a revisión dos procesos de escolarización para dar cabida ás esixencias da patronal do ensino privado; segundo, como consecuencia da perda de recursos económicos desviados sistemáticamente a centros que gozan dunha ampla autonomía organizativa e de xestión a respecto das administracións públicas.

Daquela, fronte a estas propostas, desde o STEG defendemos que un pacto que asuma o compromiso de toda a sociedade coa ensinanza pública, recoñecéndoa como eixo vertebrador do sistema educativo do Estado, para iso o Pacto pola Educación debería recoller como principios fundamentais: a laicidade do ensino, a democratización da xestión dos centros educativos e a participación da comunidade educativa e o recoñecemento da diversidade e pluralidade lingüística e cultural da poboación escolar, incluíndo á poboación inmigrante...

En canto ás propostas recollidas no oitavo obxectivo (**“Profesorado: recoñecemento profesional e social do docente”**) entendemos que ese recoñecemento non pasa pola xerarquización nin pola carreira meritocrática, como se recolle no Estatuto Docente que no seu momento rexeitamos a maioría das forzas sindicais, senón pola mellora das condicións

laborais nas que exercemos a función docente: redución da ratio; descarga progresiva de horas lectivas a partir dos 55 anos; dotar aos centros de persoal e material... Así mesmo, consideramos que a xubilación anticipada é un dereito adquirido que cómpre consolidar, non unha moeda de cambio que se ofrece a cambio do Estatuto Docente.

Finalmente, cómpre criticar a ambigüidade da proposta inclusiva declarada no obxectivo duodécimo: **“Educación inclusiva, diversidade e interculturalidade: dereito á diferenza sen diferenza de dereitos”**, non podemos aceptar que se quede nunha simple proposta de incluír ao alumnado con necesidades educativas especiais na escola; a escola inclusiva implica cambios metodolóxicos e organizativos importantes para dar resposta ás necesidades dese alumnado.

Lamentamos, daquela, que este documento, que xa non será Pacto político –pola negativa do PP a subscribilo, cando todos os cambios introducidos no texto orixinal ían encamiñados a satisfacer as súas demandas (maior concertación e garantía do ensino do español en todo o territorio estatal)- nin posiblemente social –debido á denuncia do texto por parte de organizacións sindicais como a nosa -, sexa asumido polo goberno polo que supón de renuncia dos principios inherentes á escola pública, democrática, igualitaria, inclusiva e de calidade para todas e para todos fronte aos principios propios da dereita e do capital, que antes que unha cidadanía crítica capaz de elaborar xuízos de valor independentes prefiren traballadoras e traballadores dóciles.

O texto do pacto é unha clara aposta polos centros concertados: incremento dos módulos, pago de funcións non docentes, equiparación salarial co profesorado da pública... todo financiado con cartos públicos e xestionado por entidades privadas.

As medidas que se puideran considerar positivas para mellorar a calidade do ensino están todas sen concretar, quedándose en meras declaracións de intencións.

Como solución para reducir o fracaso escolar, propóñense dúas novas avaliacións externas en 6º de Primaria e en 4º da ESO. De nada serve avaliar se despois non se poñen os medios necesarios para corrixir as eivas detectadas.

De medidas como a redución das ratios, o incremento de profesorado para poder facer apoios, desdobres, etc, nada de nada.

Para recoñecer e prestixiar o labor docente, vólvese a falar da carreira docente subxectiva e meritocrática contemplada no, ata o de agora aparcado, Estatuto do Profesorado.

Novo RD Concurso Xeral de Traslados

O concurso xeral de traslados do vindeiro ano vai rexerse por un novo Real Decreto. Este novo RD aporta modificacións substanciais ao respecto do que temos ata de agora e, aínda que é un proxecto, entendemos que non vai sufrir grandes modificacións antes da súa saída no BOE.

Algunhas das modificacións con que nos imos atopar son:

Habilitacións en Primaria

Os mestres que aprobaron as oposicións con anterioridade á entrada en vigor deste RD poderán participar nos CXTs pola especialidade da que sexan titulares máis a de Primaria (ademais das que adquiriran por habilitación). A partir de entón non se vai habilitar, de oficio, por educación primaria aos que aproben por unha determinada especialidade.

Profesorado de 1º Ciclo da ESO

O profesorado que estea exercendo no 1º ciclo da ESO poderá, ademais de exercer a mobilidade a vacantes deste ciclo, concursar a prazas de EI e EP para as que estea habilitado; en caso de obtelas, perderá toda opción a futuras vacantes dese 1º ciclo da ESO.

Unificación e cambios no baremo

O baremo vai ser o mesmo tanto para o corpo de Mestres como para o corpo de Secundaria.

Os "méritos académicos" valoraranse cun máximo de 10 puntos.

O "desempeño de cargos directivos" valoraranse cun máximo de 15 puntos.

Para "Formación e perfeccionamento" haberá un máximo de 10 puntos; dentro deste apartado, a novidade máis salientable é que para actividades de formación superadas haberá,

polo menos 6 puntos, a razón de 0,10 puntos por cada 10 horas, o que significa que haberá que contar con 600 horas de formación superadas para acadar dita puntuación.

Finalmente, o apartado de "outros méritos" terá un máximo de 20 puntos. Unha cantidade excesiva, desde o noso punto de vista. Ademais aparecen dous novos subapartados que o STEG rexeita de plano: asistencia a tribunais de oposicións e avaliación da función docente. O 1º parécenos inxusto pois non se pode puntuar algo que depende dun sorteo. En canto á avaliación da función docente, ou moito varía a súa concepción ou de aplicarse tal e como está contemplada no último borrador do Estatuto Docente, completamente subxectiva, sen uns criterios claros, sen saber quen a realizará (dirección, inspección?),... só traerá consigo o fomento do individualismo, do servilismo... e creará conflitos onde non os había

Comparativa do actual baremo de Primaria e Secundaria co novo RD

	PRIMARIA	SECUNDARIA	NOVO RD
Antigüidade no centro	1º, 2º e 3º.....1 pto 4º..... 2 pto 5º..... 3 pto 6º, 7º, 8º, 9º e 10º..... 4ptos 11º e seguintes..... 2ptos	1º e 2º 2 pto 3º..... 3 pto 4º e 5º..... 4 pto 6º..... 5 pto 7º e 8º..... 4 pto 9º..... 3 pto 10º e seguintes... 2 pto	1º e 2º ano..... 2 pto 3º ano..... 4 pto 4º e seguintes... 6 pto
Centros cualificados de especial dificultade	1º, 2º e 3º 0,50 pto 4º 1 pto 5º..... 1,5 pto 6º, 7º, 8º, 9º e 10º..... 2 pto 11º e seguintes 1 pto	1º e 2º 1 pto 3º..... 1,5 pto 4º, 5º, 6º, 7º e 8º ...2 pto 9º..... 1,5 pto 10º e seguintes..... 1 pto	2 pto por cada ano
Expectativa destino	1 pto por cada ano	1 pto por cada ano	2 pto por cada ano
Antigüidade no corpo	1 pto por cada ano	No mesmo corpo..... 2 pto Noutros corpos do mesmo ou superior subgrupo..... 1,5 pto Noutros corpos de inferior subgrupo..... 0,75 pto	No mesmo corpo..... 2 pto Noutros corpos do mesmo ou superior subgrupo..... 1,5 pto Noutros corpos de inferior subgrupo..... 0,75 pto
Pertenza aos corpos de catedráticos		Por ser funcionario carreira corpo catedráticos..... 6 pto Por cada ano..... 0,5 pto	5 pto
Méritos académicos	Máximo 3p Título doutor..... 2,5 pto Títulos 2º ciclo..... 1,5 pto Títulos 1º ciclo..... 1,5 pto	Máximo 10 pto Doutor titulación ingreso.. 5 pto Premio ext tit ingreso..... 1 pto Doutor noutra licenciación... 3 pto Premio ext doutor... 0,5 pto Premio ext noutra licenciación... 0,25 pto	Máximo 10 pto Doutor..... 5 pto Máster distinto ingreso... 3 pto Suficiencia investig..... 2 pto Diploma estudos avanzados... 2 pto Premio ext doutorado..... 1 pto Título grao..... 4 pto Títulos 1º ciclo..... 3 pto Títulos 2º ciclo..... 3 pto Tit prof música e danza.. 1,5 pto Niv avanzado EOIs..... 2 pto Niv intermedio EOIs..... 1 pto Tit APeD e FP..... 1 pto
Cargos directivos	Máximo 10 pto Direccións..... 1,5 pto Viced, Xef est, Secret.... 1 pto Coord ciclo..... 0,5 pto Publicacións..... 1 pto Desemp postos Admon.. 1,5 pto	Máximo 10 pto Direccións..... 3 pto Viced, Xef est, Secret.... 2 pto Outros cargos..... 1 pto Xef seminario, coor ENL... 0,5 pto Desemp postos Admon.. 1,5 pto	Máximo 15 pto Direccións..... 4 pto Viced, Xef est, Secret... 2,5 pto Coord., función titorial.. 1 pto
Formación	Máximo 3,5 pto Cursos impartidos..... 1 pto Cursos superados..... 1 pto Cada espec. adquirida... 0,5 pto	Máximo 5 pto Cursos superados..... 4 pto Cursos impartidos..... 1 pto Cada espec. adquirida.... 1 pto	Máximo 10 pto Cursos superados, mínimo 6 pto Cada espec. adquirida.... 1 pto
Outros méritos			Participación proxectos investigación ou innovación, avaliación función docente, ser tribunal procesos selectivos, función titorial, titorización máster, titorización prácticas títulos grao...

O STEG solicita a dimisión do Secretario Xeral de Política Lingüística

O Secretariado Nacional do STEG decidiu solicitar formalmente a dimisión do Secretario Xeral de Política Lingüística despois de analizar a súa xestión no ano que leva exercendo o seu cargo. Expoñemos os motivos:

1. Por todas as actuacións legislativas que avalan unha involución na protección e fomento da lingua propia:

- Eliminación da necesidade de mostrar o coñecemento de Galego para o acceso á función pública galega.
- Retirada de axudas ás aulas de Infantil en contornas castelanfalantes
- Eliminación da promoción do galego nas oposicións ao ensino ao non ter que presentar a programación en galego
- Non valorar a lingua galega na Orde de estadias no estranxeiro cando si se valora calquera outra lingua estranxeira.
- A desaparición da referencia á lingua galega no Decreto de FP.
- Presentación dun Decreto que conta coa oposición maioritaria da sociedade galega (Partidos Políticos, Sindicatos, Asociacións de ANPAs, MRP, RAG, Consello da Cultura Galega, Consello Escolar de Galicia; Consello Consultivo...)

2. Polo dano realizado ao idioma e aos trinta anos de normalización ao asumir o falso discurso da imposición do galego e a idea de que o xusto é tratar por igual ao desigual incurrindo nunha irresponsabilidade e inxustiza históricas de dimensións económicas, culturais

e sociais incalculábeis.

3. Por negarse a negociar nin un só dos puntos que eran esenciais para as catro OOSS véndonos na obriga de levantarnos da mesa sectorial. Por facer da mesa sectorial de ensino unha farsa. Ademais é inadmisíbel enviar, antes de pasar por mesa, o texto do proxecto de decreto ao Consello Escolar o que demostra a nula intención negociadora e o desprezo ao profesorado e aos seus lexítimos representantes.

4. Por facer uso dun medio institucional para atacar ás forzas sindicais, e por ende a todo o profesorado galego, con mentiras que rozan a calumnias e a inxuria e que poderían ser obxecto de demanda xudicial.

Na nota publicada na web da Consellaría despois da mesa sectorial do 25 de marzo do 2010 méntese, entre outras cousas, ao dicir que o STEG non fixo achegas nin no período de consultas nin na Mesa Sectorial. É unha falsidade que se pode comprobar tanto nas hemerotecas como na acta da mesa xa que ambas reunións o STEG presentou alegacións que eran esenciais para a nosa organización. E, iso si, de non aceptarse, demandamos a retirada xa que calquera deses aspectos é inasumíbel para unha proposta que pretenda fomentar e normalizar a lingua galega ademais de ser unha aberración desde o punto de vista pedagóxico.

Por toda esta política desnormalizadora e involucionista con respecto á lingua, por legislar en contra da calidade do ensino e polo uso da mentira para inxuriar ao STEG e a outras OOSS **solicitamos a dimisión do seu cargo.**

Facilitar a privatización no ensino: prioridade da Consellaría

A Consellaría de educación está a traballar para modificar a normativa no senso de facilitar a creación de centros privados e posteriormente a súa conversión en centros concertados. Ao STEG sorpréndelle esta actuación da Administración galega xa que semella responder a algún tipo de compromiso electoral non confeso máis que a unha necesidade do sistema educativo galego. **Estamos ante unha cesión á presión da patronal dos centros privados** e non a unha demanda de interese xeral, unha demanda do conxunto da cidadanía.

De sobra é coñecido o argumento desta Consellaría á hora de defender o ensino privado e concertado: a falacia demagóxica, por non cualificala de mentira, da liberdade de elección de centro.

É obvio que a actual Administración educativa emprega a palabra liberdade para agochar outros intereses. Se isto fose certo entón teríase que defender por igual para toda a cidadanía galega. Do anterior dedúcese que habería que construír un centro privado, un público e un concertado en cada concello para achegar esa "liberdade de escolla" a toda a sociedade. Obviamente semellante aberración non entra en ningún plan na medida en que a proposta non goza do beneplácito da patronal que ve na educación un negocio, nin a Administración apoiará a defensa de dita liberdade. Supoñemos que a Consellaría lles dará a liberdade da emigración cara ás cidades onde si poden elixir o ensino que desexen, aínda que iso dependerá de certas condicións de selección e discriminación, escritas como as de sexo ou non escritas como cor de pel ou etnia...

Por outra banda, ademais de simplificar os trámites para a construción de centros privados **demándase que todo centro que pretenda concertarse nun futuro teña que solicitarlo desde o primeiro momento.** O incríbel é que entre os requisitos para transformarse en concertado continúa (30 anos despois) o das necesidades de escolarización. Este continuísmo leva implícito o fracaso, neste senso, das políticas educativas da Xunta de Galiza nos últimos 30 anos. Con este requisito a Consellaría reconece que non foi quen de garantir o dereito máis básico dunha sociedade democrática: que toda a cidadanía teña asegurada unha praza pública no ensino. O emprego de edificios existentes puido ter unha lóxica no seu momento, décadas atrás, máis na actualidade non é unha necesidade, e **responde a unha política de fomento da privatización do ensino** e a compromisos electorais que converten ás administracións en debedoras de intereses privados e non ao interese xeral ou ben común.

Para o STEG o camiño da defensa da escola pública debe imaxinar un horizonte que supoña a paralización da privatización do ensino ao mesmo tempo que se diseña un proxecto para a eliminación dos concertos educativos existentes.

Esta proposta do STEG, a única coherente coa defensa da escola pública, pasa porque as organizacións sindicais e políticas deixen as ambigüidades de discurso e acción e aposten sen fisuras, como fai o STEG, polo modelo público de ensino. Para o STEG só un sistema público universal garante a igualdade de oportunidades e a auténtica liberdade.



PROFESORADO INTERINO

Addenda 2010 ao acordo de 1995. Sí a un proceso de estabilidade; non a máis parches

A administración educativa, perante a necesidade de adaptar o Acordo de 1995 á LOE, caso da formación pedagóxica e didáctica (máster), e a unha sentenza que obriga a elaborar unha lista da especialidade de "economía" e a outra que recolle a posibilidade de que unha persoa permaneza en máis dunha lista, o 27 de abril de 2010 subscribiu unha nova Addenda.

No STEG entendemos esa necesidade, pero non compartimos a forma: parcheando unha lexislación que non ten o aval da maioría da Mesa e desaproveitando a ocasión de solucionar a precariedade laboral do profesorado interino e substituído. Perdeuse así a oportunidade de iniciar a negociación dun Acordo de estabilidade que o STEG reclamou na Mesa Sectorial, no Parlamento e na dirección xeral correspondente en innumerábeis ocasións. Velaí a razón principal, que non única, pola que o STEG non

asinou un acordo de colocación que pode significar, como a experiencia ten demostrado, a perda do posto de traballo do profesorado.

Con todo, durante a negociación conseguimos que se incluíse na Addenda a problemática das das mulleres embarazadas, así como que os homes poidan facer uso do permiso de paternidade, conseguida e incluída, grazas ao STEG, na Orde do 7 de abril de 2008 de permisos e licencias.

A Administración segue negándose a abrir un proceso de estabilidade para o profesorado interino alegando que "non é o momento". Desde o STEG entendemos que a Administración está obrigada a solucionar un problema que ela mesmo creou. Loitaremos ate conseguir unha solución.